

> Instrucións para cumprimentar a solicitude

- > **Datos solicitante.**A persoa solicitante será a obrigada ao pagamento e poderá actuar por medio de representante.
- > **Datos representante.**Só se cumprimentarán estes datos cando a persoa solicitante actúe a través dun representante asignado. En caso de persoas xurídicas (representación legal) a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas (representación voluntaria), bastará con que o representante asine esta solicitude, xunto co solicitante no espazo reservado para elo, e **acheguen copia dos NIF.**

No apartado de **DÉBEDAS**, en **conceptos tributarios** deberá cubrir coas siglas correspondentes o tributo do que se trate. Os máis habituais son:

IBI.....Imposto sobre bens inmobles.
IAE.....Imposto sobre actividades económicas.
IVTM.....Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
QUIOSCOS.....Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por instalación de quioscos na vía pública.
VADOS.....Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento de carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
MESAS E CADEIRAS.....Taxa pola ocupación de terreos de uso público de mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
MERCADOS.....Taxa polos postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
LIXO.....Taxa pola recollida do lixo no rural.
AUGATaxa polo servizo de abastecemento de auga, rede de saneamento e recollida de lixo.

Nos datos dos **CRÉDITOS**, deberá detallar o concepto do mesmo, como por exemplo facturas recoñecidas, fianzas pendentes cuxa devolución esta recoñecida, etc.

> Documentación a achegar

Xunta a esta solicitude deberá achegar:

- o Copia dos documentos nos que se reflectan as débedas (por exemplo, dos recibos, das liquidacións, das autoliquidacións, etc.)
- o Copia dos documentos nos que se reflectan os créditos (por exemplo, da resolución na que se acorde a devolución dun ingreso indebido, o recoñecemento dunha factura, etc.)
- o Acreditación da titularidade da conta corrente.
- o Copia do CIF no caso de tratarse dunha persoa xurídica, e do NIF do seu representante
- o Copia do/s NIF da persoa física interesada e do representante, no seu caso.

> Información

Se a solicitude ou a documentación presentada tiveran algún defecto, ou non se achegara toda a documentación precisa, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsanen as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que atenda ao requirimento, arquivarase a solicitude sen máis trámites.

No caso de que o requirimento fose atendido en prazo pero non se entendan subsanados os defectos observados, será preciso notificar o arquivo das actuacións.

A presentación da solicitude de compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo da débeda concorrente co crédito ofrecido, pero non o devengo dos xuros de mora que procedan, de ser o caso, ata o recoñecemento do crédito.

A extinción da débeda tributaria producirase no momento da presentación da solicitude ou cando se cumpran os requisitos esixidos para as débedas e os créditos, se ese momento fose posterior á dita presentación. O acordo de compensación declarará a extinción da débeda.

Se o importe da débeda é superior ao do crédito, deberá realizarse o ingreso da parte restante. Se o crédito é superior ingresaráselle a diferenza na conta indicada nesta solicitude de compensación.

Se o Concello comproba a inexistencia do crédito ofrecido ou, para o caso dun crédito por devolución tributaria, comproba que non existe solicitudes de devolución, a Administración considerará como non presentada a solicitude de compensación e arquivará sen máis trámites.

>Normativa reguladora

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación (RXR).

Ordenanza xeral de recadación, xestión e inspección do Concello de Pontevedra

> Información básica sobre protección de datos

Responsable	CONCELLO DE PONTEVEDRA
Finalidade	Atender a xestión a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra
Lexitimación	Interese público ou exercicio de poderes públicos
Destinatarios	Non están previstas transferencias internacionais de datos
Dereitos	Acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición-revogación e a presentar reclamación antes as autoridades de control, así como outros dereitos, como se explica na información adicional

Información adicional Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de datos en <http://sede.pontevedra.gal>

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE PONTEVEDRA, con CIF P3603800H e domicilio social sito en RUA MICHELENA 30, 36071 Pontevedra, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra. En cumprimento da normativa vixente o CONCELLO DE PONTEVEDRA, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos

Coa presente cláusula queda informado de que os seus dereitos serán comunicados en caso de ser necesario a administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado

A súa vez informamos que pode contactar co Delegado de Protección de datos do CONCELLO DE PONTEVEDRA dirixíndose por escrito á dirección de correo dto.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico dpd@pontevedra.eu. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.